



O XXV CONGRESO DA semFYC CELEBRARÁSE EN SANTIAGO NO 2005

Prezados compañeiros:

Como ben sabedes moitos de vós neste ano que entra correspóndelle á AGAMFEC a organización do XXV Congreso da semFYC, que se celebrará en Santiago de Compostela do 23 ao 26 de novembro de 2005.

Asumir esta responsabilidade representa para nós un reto e unha oportunidade. Entendemos que se trata dun evento moi importante para a nosa sociedade, e temos o maior interese en que participen dalgún xeito no mesmo o maior número posible de médicos de familia de Galicia.

Aqueles que estean interesados en colaborar connosco na organización deste Congreso poden poñerse en contacto enviando o seu enderezo de correo electrónico a Congrega (secretaria@congrega.es) ou ao comité organizador (mf.merino@mundo-r.com). Tamén serán ben recibidas todas aquelas aportacións ou suxestións que nos axuden a introducir melloras na organización deste evento.

Aproveitamos a ocasión para expresar a nosa gratitude a todos aqueles que xa levan un tempo apoiando co seu traballo e colaboración desinteresada.

Para todos un saúdo moi cordial.

Santiago de Compostela, decembro de 2004

Pablo Vaamonde García
AGAMFEC

M^a Carmen Fernández Merino Presidente
Presidenta Comité Organizador